

DON JOSÉ LUIS ALMAU SUPERVÍA, SECRETARIO XERAL DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

CERTIFICA: Que o Pleno da Deputación Provincial da Coruña na sesión plenaria ordinaria celebrada o vinte e cinco de maio de dous mil dezaioito aprobou o seguinte:

"20.- APROBACIÓN INICIAL DO PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO 2018-2019 (ARTIGO 21 DA LEI ORGÁNICA 2/2012, DO 27 DE ABRIL, DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA)

Logo de ver o Plan económico-financeiro subscrito polo Presidente desta Deputación Provincial da Coruña o 2 de maio de 2018, cuxa necesidade se orixina pola Liquidación do Orzamento provincial do exercicio 2017.

Considerando que o plan proposto é conforme ao establecido no artigo 21 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e ao artigo 9.2 da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información establecidas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, sendo competente para a súa aprobación o Pleno da Corporación.

Esta Comisión adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Tomar coñecemento do resultado da avaliación da regra de gasto efectuado pola Intervención mediante informe do 2 de maio de 2018.

SEGUNDO. Aprobar o Plan económico-financeiro da Deputación Provincial da Coruña nos termos que constan en documento anexo e que se considera parte integrante do presente acordo.

TERCEIRO. Remitir o expediente á Comunidade Autónoma de Galicia, que ten a tutela financeira das entidades locais de acordo co disposto no artigo 49 do Estatuto de Autonomía para Galicia e no artigo 330 da Lei de administración local de Galicia, para os efectos previstos na normativa de aplicación.

CUARTO. O Plan económico-financeiro publicarase no Boletín Oficial da Provincia nos termos establecidos no derradeiro parágrafo do apartado 4 do artigo 23 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e na páxina de internet da Deputación Provincial da Coruña."

E para que conste e sen prexuízo dos termos da aprobación da acta, segundo o disposto no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Corporacións locais, expido a presente de orde e co visto e praxe do Sr. Presidente na Coruña, a vinte e nove de maio de dous mil dezaioito.



Vs Pr.
O PRESIDENTE



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Intervención Xeral e Xestión Económica-Financeira. Serv. de Orzamentos, Est. e Asist. Econ. Sección 1

Aprobación definitiva do Plan económico-financiero 2018-2019 da Deputación Provincial da Coruña

ANUNCIO

Na sesión plenaria celebrada o día 25 de maio de 2018, a Corporación provincial acordou aprobar inicialmente O Plan Económico-Financeiro 2018- 2019 (art. 21 da Lei Orgánica 2/2012 do 27 de abril, de EOfSF).

Por resolución do Director Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos de data 15 de xuño de 2018, aprobouse definitivamente o Plan Económico-Financeiro 2018-2019 da Deputación Provincial da Coruña.

O expediente expúxose ao público na Secretaría Xeral desta Deputación polo prazo de quince (15) días hábiles, contados dende o seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

O Plan Económico-Financeiro 2018-2019 (art. 21 da Lei Orgánica 2/2012 do 27 de abril, de EOfSF) considérase definitivamente aprobado ao non se formularen reclamacións no prazo de exposición ao público, de acordo co disposto no artigo 20.1 do R.D. 500/1990, do 20 de abril e art. 169.1 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

A Coruña, 13 de xullo de 2018.

O Presidente

Valentín González Formoso

O Secretario Xeral

José Luís Almu Supervía

2018/5513